

# A CULTURA É UN DEREITO

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS  
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

**XXIII XORNADA:**

**RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA**

**FERNANDO FERNÁNDEZ REGO**

Licenciado en Química pola USC, traballa como profesor de educación secundaria para a Xunta de Galicia. Ademais é administrador da web musical LaFonoteca.net, coordinador da sección de música da revista Grial, escribe para a Mondosonoro e a Rockdelux, e colabora con múltiples plataformas tanto dixitais como impresas. Xunto a Sergio Sequeiro (Carrero Bianco, Chicharrón, TechnoChico) é o responsable do selo discográfico Ferrer Records, co que editaron máis de 180 referencias (Chicharrón, Músculo!, Radio Océano, Zavala, Carlos Ordóñez, Copa Turbo, Auto Sacramental...).

Publicou unha novela, "Desorden" (Ediciones Oblicuas, 2009) –un tratado de existencialismo post punk–, abarcou o relato e a poesía en "Blues From A Gun: Secuencias Interiores" (Volta, 2011), entregou ensaios como "Unha Historia da Música en Galicia 1952-2018" (Galaxia, 2019), o libro+CD "50 Anos de Pop, Rock e Malditismo na Música Galega" (Toxosoutos, 2010) ou "Galicia en Clips" (Volta, 2012), este último xunto a Pablo Portero; e tamén biografías como a da banda de Lugo Los Contentos –"Cuando Ríes. Los Contentos (Unos Malditos Pioneros del Garage)" (Xonix, 2014)- xunto a Piti Sanz (prólogo de Luis Tosar), a de Andrés do Barro –"Andrés do Barro. Saudade" (Lafonoteca, 2015)- e a de Suso Vaamonde –"Suso Vaamonde. A Canción Libre e Comprometida dun Pobo" (Galaxia, 2022)-. Tamén comisionou exposicións como "Andrés do Barro: Pop, Saudade e Memoria. Unha Ollada dende Ferrolterra" (2021) e "Ferrol Underground 1985-2021" (2021).

Recentemente afondou na década dos 80 con "Anos 80. Movida, Atlantismo, Vanguardismo e Underground" (Galaxia, 2024).